

C.E.P. LOIS TOBÍO – VIVEIRO

PLAN

DE

ORIENTACIÓN

CURSO 2021-2022

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- Consideracións teóricas

Os fundamentos teóricos deste plan son os mesmos de cursos anteriores.

Este Plan de Orientación toma as directrices do Proxecto Educativo de Centro, tomando como referencia básica os principios de identidade do centro e relacionándoos co Proxecto Curricular.

2.- XUSTIFICACIÓN BASADA NO CONTEXTO

2.1.- Denominación e datos xerais

Denominación oficial.....	C.E:P. Lois Tobío
Código do centro.....	27016674
Situación.....	Viveiro - Lugo
Enderezo.....	Avda. Martín Ledesma, s/n
Código Postal.	27850
Teléfono.....	982870942/982870943
email.....	cep.lois.tobio@edu.xunta.es

2.2.- Organización e funcionamento do centro

Trátase dun Centro de Educación Primaria creado no ano 1998 e que consta das seguintes unidades:

<u>CICLO</u>	<u>Nº UNIDADES</u>	<u>Nº ALUMNOS</u>
1º curso	2	43
2º curso	2	42
3º curso	2	46
4º curso	3	59
5º curso	3	58
6º curso	3	56
.....		
	15	304

O alumnado do centro é de procedencia moi variada: centro da vila, arredores da zona escolar e doutras parroquias do concello. A maioría dos alumnos/as incorpóranse ao centro para cursar 1º curso de Primaria, procedentes de E.E.I. San Roque.

A nivel sociocultural atopamos unha gran diversidade: fillos de empregados, de profesionais liberais, de mariñeiros, de agricultores, de autónomos e un numeroso grupo de etnia xitana. Por outra parte, hai un número bastante elevado de alumnos inmigrantes; a maioría son de orixe

hispanoamericano pero tamén contamos con algún alumno árabe e varios alumnos rumanos. Ademais, hai que sinalar a existencia dalgún alumno dun centro de acollida de menores dependente da Consellería de Familia.

As características socioculturais do centro adscrito son similares as deste.

Profesorado:

- Mestres titores de E. Primaria.....	15
- Mestres especialistas de Educación Física.....	2
- Mestres especialistas en L. Inglesa.....	3
- Mestres especialistas en Música.....	1
- Mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica.....	2
- Mestres especialistas en Audición e Linguaxe.....	1
- Mestres de Relixión	1
- Xefa do Departamento de Orientación.....	1

No centro desempeñan tamén a súas funcións unha Auxiliar Técnico Educativo.

2.3.- Centros adscritos

Este Departamento de Orientación no presente curso escolar ten adscrito os seguinte centro:

- E.E.I. San Roque (Viveiro) con 86 alumnos:	
- 4º curso.....	26
- 5º curso.....	18
- 6º curso.....	42

Pola súa parte, este Departamento está adscrito ao I.E.S. Vilar Ponte de Viveiro.

2.4.- Composición do Departamento

Xefa do Departamento: Ana M^a Fernández Soto.

Profesora de PT: M^a Jesús Vázquez Carballés.

Profesora de PT: Olalla Martínez Casas.

Profesora de AL: M^a Carmen Fernández Sueiras.

Coordinadora 1º e 2º curso: Bibiana Alonso González

Coordinadora 3º e 4º curso: Concepción Seara Cerdeiras.

Coordinadora 5º e 6º curso: Sagrario Otero Rodríguez.

Directora do E.E.I. San Roque: Carmen Ferreiro Maseda.

3.- OBXECTIVOS

3.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- * Contribuír á formación integral dos alumnos/as.
- * Servir de instrumento e medio para a consecución das metas establecidas pola escola.
- * Favorecer unha relación positiva e cooperativa entre toda a comunidade educativa.
- * Favorecer o axeitado desenvolvemento da acción titorial.
- * Promover a cooperación entre familia e escola.
- * Contribuír ao adecuado desenvolvemento de elementos personalizadores da educación.
- * Axudar aos alumnos/as a conseguir unha boa integración no centro educativo e no grupo de compañeiros/as.
- * Dinamizar os procesos educativos e formativos inherentes ao centro escolar.

3.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

a) En relación co alumnado

- * Valorar as necesidades educativas dos alumnos/as e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención, procurando unha educación personalizada.
- * Desenvolver programas e medidas de atención á diversidade.
- * Favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- * Fomentar a adquisición de hábitos e formación en valores.
- * Desenvolver accións e programas encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe.
- * Colaborar no seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais coa finalidade de proporcionar respostas educativas axeitadas e demandar (se fose preciso) os asesoramentos e intervencións necesarias.
- * Atender aos alumnos/as de nova incorporación ao centro, especialmente ao alumnado procedente do estranxeiro, realizando a pertinente avaliación e colaborando nas correspondentes actividades de acollida, adaptación e integración.
- * Efectuar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes solicitadas polos titores/as e elaborar os correspondentes informes.

b) En relación cos mestres

- * Colaborar nos procesos de elaboración, aplicación, avaliación e revisión dos proxectos curriculares e educativos.
- * Colaborar no deseño e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, potenciando a figura do profesor-titor.
- * Favorecer o axeitado desenrolo da acción titorial, proporcionando asesoramento, material e apoio ós profesores titores.
- * Identificar aos alumnos con necesidades educativas especiais, valorando a súa individualidade e problemática para participar nas actuacións educativas pertinentes.
- * Participar nas sesións de avaliación.
- * Promover a elaboración das adaptacións curriculares pertinentes e colaborar cos titores/as no seu deseño, desenvolvemento e avaliación.
- * Lograr a colaboración dos titores/as nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización dos reforzos necesarios.
- * Colaborar, na medida do posible, en tódalas actividades do centro que sexa necesario.
- * Favorecer a comunicación interna entre todos os compoñentes do centro.
- * Optimizar a interrelación equipos de nivel - departamento.

c) En relación coas familias

- * Promover a cooperación entre o centro e as familias, buscando unha maior implicación no proceso educativo dos seus fillos/as para potenciar estratexias de actuación conxuntas.
- * Asesorar e fomentar a súa colaboración nas actividades da escola e na educación dos seus fillos/as.
- * Oriéntalos nos aspectos que resulten básicos para atender aos nenos/as con necesidades educativas.

d) En relación coa comunidade educativa

- * Establecer canles de comunicación e participación con outros centros educativos, servizos e institucións: Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello, Unidade de Atención Temperá de Burela, Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, IES Vilar Ponte, IES María Sarmiento, asociacións...

4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Serán de catro tipos:

* Preventivo-diagnóstica:

- Traballo cos alumnos e alumnas.
- Traballo co profesorado.
- Traballo cos pais/nais.

* Intervención e recuperación:

- Na aula.
- No Departamento.

* Asesoramento e información:

- Aos alumnos en particular.
- Ao profesorado.
- Aos pais/nais.

* Avaliación:

- Seguimento de casos concretos.
- De alumnos en xeral.
- De programas desenvolvidos.

5.- ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

5.1. ATENCIÓN CENTRO ADSCRITO

No presente curso escolar, polas circunstancias derivadas da pandemia, levarase a cabo combinando o traballo presencial no centro con sesións telemáticas: videoconferencia, video chamada e outros recursos on line.

Unha sesión semanal será presencial e de coordinación coas profesoras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe do centro adscrito. Serán tamén presenciais no centro aquelas sesións necesarias para a valoración e intervención directa con alumnos/as.

A coordinación co resto do profesorado do centro adscrito levarase a cabo, por norma xeral, por vía telemática.

Os contactos coas familias, en xeral, realizarase igualmente por vía telefónica ou por video conferencia.

5.2. AULA VIRTUAL

Ao longo do 1º trimestre do curso actualizarase dentro da aula virtual do centro, a sección correspondente ao Departamanto de Orientación.

No caso de que nalgún momento do curso se suspendera a actividade presencial nalgún grupo de alumnos, continuaríase a intervención a través das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles: aula virtual, videoconferencia, correo electrónico, whatsapp...

5.3. TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

- Constitución do Departamento.
- Redacción do Plan Xeral de Orientación.
- Elaboración do Protocolo de adaptación ao contexto de covid 19 para alumnado con nee.
- Elaboración do Plan de Acollida Socioemocional.
- Organización e planificación de materiais e recursos técnicos.
- Elaboración, en coordinación co profesorado de P.T. e A.L. da proposta de horario para a atención aos alumnos/as con necesidades educativas e dos reforzos educativos e apoios a realizar por outros profesores.
- Reunión coa Xefa do Departamento do IES Vilar Ponte, ao que está adscrito o centro.
- Actualización da Aula Virtual.
- Colaboración cos profesores-titores de 1º curso de Primaria na realización da avaliación inicial, en orde a contribuír ao

coñecemento do novo alumnado que se incorpora ao centro e á detección temperá e prevención de posibles dificultades de aprendizaxe.

- Colaboración cos profesores de Infantil de 3 anos do centro adscrito na avaliación inicial e posterior deseño de medidas de atención temperá e preventiva nos casos que se considere necesario.
- Avaliación psicopedagóxica de alumnos que se incorporan ao centro procedentes do estranxeiro e deseño de estratexias organizativas e didácticas para garantir unha correcta adaptación ao noso sistema educativo.
- Deseño e desenvolvemento de estratexias de atención á diversidade.
- Avaliación psicopedagóxica e diagnóstico de alumnos/as que os titores/as ou pais/nais detecten algún déficit, problemática ou inadaptación. (no propio centro e no centro adscrito)
- Entrevistas coas familias para recabar ou proporcionar a información pertinente.
- Elaboración dos informes correspondentes.
- Revisión dos informes pertinentes (os que levan elaborados dous ou máis cursos).
- Información aos titores.
- Información a aqueles titores que inician ciclo e teñan nalgún alumno con nee da súa problemática, medidas de intervención...
- Coordinación cos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Viveiro nas intervencións que se están levando a cabo conxuntamente.
- Coordinación coa Oficina de Inmigración do Concello de Viveiro nas intervencións que se están levando a cabo conxuntamente.
- Coordinación co Servizo de Atención Temperá de Burela nas intervencións e seguimento de alumnos/as que acuden a ese servizo.
- Colaboración no control de absentismo escolar, especialmente nos alumnos de etnia xitana e coordinación con Servizos Sociais para tratar de solucionar esta problemática.
- Coordinación co Equipo de Orientación Específico na elaboración de propostas pedagóxicas e o seu seguimento para aqueles alumnos nos que se solicitou a súa intervención.

- Asistir ás reunións da 1ª avaliación.
- Seguimento das estratexias de intervención xa iniciadas.
- Reflexión e revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade e do Plan de Acción Titorial tanto no propio centro como no centro adscrito para adaptalo a normativa e circunstancias derivadas da pandemia.
- Participación na elaboración e revisión de documentos do centro.

2º TRIMESTRE

- Diseñar estratexias de recuperación en función dos resultados da 1º avaliación.
- Seguimento e reorganización, se é preciso, das medidas adoptadas en canto a reforzos educativos, apoios e ACS.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e elaboración dos correspondentes informes. (no propio centro e nos centros adscritos).
- Participación na revisión de documentos do centro.
- Reunión coa xefa do departamento do I.E.S. Vilar Ponte para favorecer actuacións o máis coordinadas posibles.
- Impulsar a coordinación co centro de Educación Infantil adscrito para favorecer a cooperación entre os mesmos e facilitar a futura integración dos seus alumnos neste centro.
- Elaboración e desenvolvemento dalgún programa para reforzar algún aspecto educativo que se considere prioritario en función das demandas dos mestres/as.
- Seguimento das estratexias de intervención xa iniciadas.
- Participación nas sesións da 2ª avaliación.
- Coordinación cos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Viveiro nas intervencións que se están levando a cabo conxuntamente.
- Coordinación coa Oficina de Inmigración do Concello de Viveiro nas intervencións que se están levando a cabo conxuntamente.
- Coordinación co Servizo de Atención Temprá de Burela nas intervencións e seguimento de alumnos/as que acuden a ese servizo.
- Colaboración no seguimento e control de absentismo escolar, especialmente nos alumnos de etnia xitana e colaboración con Servizos Sociais para tratar de solucionar esta problemática.

- Coordinación co Equipo de Orientación Específico na elaboración de propostas pedagóxicas e o seu seguimento para aqueles alumnos nos que se solicitou a súa intervención.

3º TRIMESTRE

- Análise dos resultados da 2ª avaliación e adopción das medidas pertinentes.
- Seguimento e avaliación das medidas referentes a reforzos educativos, ACS apoios e reaxustes pertinentes.
- Continuación dos programas iniciados nos trimestres anteriores.
- Continuación da revisión de documentos do centro.
- Actividades de coordinación co centros adscrito para facilitar a integración e adaptación dos futuros alumnos ao centro para o próximo curso.
- Información e asesoramento ao alumnado de 6º curso de Primaria e as súas familias en relación coa ESO.
- Colaboración cos profesores-titores de 6º de Primaria na toma de decisións sobre a promoción dos seus alumnos/as.
- Asesorar e orientar aos titores nas decisións sobre a promoción do alumnado dun ciclo a outro.
- Participación nas avaliacións finais.
- Colaboración cos titores para a redacción de documentos oficiais e informes individuais.
- Avaliación dos distintos programas desenvolvidos e das actividades realizadas.
- Coordinación cos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Viveiro nas intervencións que se están levando a cabo conxuntamente.
- Coordinación coa Oficina de Inmigración do Concello de Viveiro nas intervencións que se están levando a cabo conxuntamente.
- Coordinación co Servizo de Atención Temperá de Burela nas intervencións e seguimento de alumnos/as que acuden a ese servizo.
- Colaboración no seguimento e control de absentismo escolar, especialmente nos alumnos de etnia xitana e colaboración con Servizos Sociais para tratar de solucionar esta problemática.
- Coordinación co Equipo de Orientación Específico na elaboración de propostas pedagóxicas e o seu seguimento

para aqueles alumnos nos que se solicitou a súa intervención.

- Elaboración da Memoria Final do Departamento.

6.- AVALIACIÓN

6.1.- OBXECTIVOS

- Coñecer a efectividade das accións realizadas.
- Revisar os aspectos que sexan susceptibles de mellorar, adaptar ou modificar.

6.2.- TEMPORALIZACIÓN

Os momentos para realizar a avaliación do Plan de Orientación serán os seguintes:

- Trimestralmente os membros do Departamento nunha reunión efectuarán o seguimento do plan en orde a comparar o grao de realización das actividades programadas e introducir os reaxustes necesarios para acadar os obxectivos propostos.
- A final de curso, os distintos sectores implicados.
- Avaliación continua dos distintos programas de intervención e das estratexias adoptadas.

6.3.- CRITERIOS

- Adecuación dos diferentes programas e actividades ás necesidades dos destinatarios.
- Adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- Grao de participación de todos os responsables no desenrolo das actividades programadas.
- Valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos.

A orientadora

Asdo.: Ana M^a Fernández Soto

